

## INSTRUCCIÓN PARA XUSTIFICAR AS AXUDAS DO PROGRAMA INNOVAPEME 2019.

### Como presentar a documentación xustificativa?

Para ter dereito ao pagamento da axuda, deberanse achegar na sede electrónica da Xunta de Galicia, na carpeta do cidadán da entidade documentación xustificativa da execución e desenvolvemento do plan de innovación para a anualidade. Os formularios e as instrucións necesarias están dispoñibles na páxina web da Axencia Galega de Innovación (<http://gain.xunta.gal/artigos/379/innovapeme+2019>).

### Documentación xustificativa para a anualidade 2019.

A data límite para presentar a documentación xustificativa do plan de innovación é a que figura na resolución da convocatoria (artigo 25):

<b>Prazo de presentación da documentación</b>	<b>Ata o 10 de decembro de 2019</b>
<b>Período de emisión das facturas (realización dos gastos) e realización de pagamentos dos gastos executados</b>	<b>Dende a data de inicio do plan de innovación (igual ou posterior a de solicitude) ata o 30 de novembro de 2019</b>

Os formularios de xustificación son:

<b>Documento 01</b>	<b>Solicitude de libramento da axuda.</b> Neste documento figuran unha listaxe da documentación que se achega, que nos vale de indicativo de toda a documentación a presentar, incluída a xustificación documental das obrigas do beneficiario (artigo 24 da convocatoria).
<b>Documento 02</b>	<b>Resumo dos custos de execución do plan.</b> Folla de cálculo coa contabilidade detallada dos custos elixibles da anualidade 2019.
<b>Documento 03.1</b>	<b>Certificacións de persoal.</b> Detalle dos custos do persoal ao plan de innovación durante a anualidade 2019.
<b>Documento 03.2</b>	<b>Certificacións de persoal.</b> Dedicación do persoal ao plan de innovación durante a anualidade 2019.
<b>Documento 04</b>	<b>Declaración do conxunto de axudas.</b> As solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, e tamén aquelas que inclúan as mesmas partidas de gasto.
<b>Documento 05</b>	<b>Declaración de contabilidade separada</b>
<b>Documento 06</b>	<b>Declaración de retencións do IRPF</b>
<b>Documento 07</b>	<b>Modelo comunicación condición FEDER ao persoal</b>
<b>Documento 08</b>	<b>Modelo comunicación condición FEDER ás entidades</b>
<b>Documento 09.1</b>	<b>Informe parcial de resultados</b>
<b>Documento 09.2</b>	<b>Memoria libre</b>
<b>Documento 09.3</b>	<b>Declaración de obrigas de información e publicidade FEDER</b>

Os formularios que se facilitan para a xustificación da anualidade 2019 da axuda intentan ser autoexplicativos, sen embargo, o texto da convocatoria, o DECA e a normativa vixente

aplicable son a referencia a considerar. Na convocatoria son fundamentais os artigos 24, 25, 26 e 27:

No artigo 24 Obrigas dos beneficiarios, sinálanse entre outras as de manter a contabilidade separada, e normas de publicidade e comunicación FEDER, para as que se achegan formularios específicos.

No artigo 25 Xustificación da subvención, indícanse consideracións xerais da tramitación administrativa, prazos, requirimentos, ...

Nos artigos 26 e 27, detállanse as características da xustificación técnica e económica da anualidade.